



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2022/11

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DO PLENO CORPORATIVO

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
MÉRCORES, 19 DE OUTUBRO DE 2022**

No día de hoxe, ás **20:35 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **Sesión Extraordinaria e Urgente da Pleno Corporativo**.

PRESIDE:

M^a TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

ASISTEN:

PP (GPM do PP)

RAMÓN MANUEL MARTÍNEZ RIAL

RAMÓN FIGUEROA PÉREZ

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS

JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)

JULIO M. D. PARADELA BUSTO

BEATRIZ GONZALEZ BARGO

IVÁN BERMÚDEZ CASTRO

BNG (Grupo Mixto)

ANXO MOLEDO CARREÑO (BNG)

AUSENCIAS:

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA (PP)

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Parte resolutiva:

- 1 Aprobación, se procede, da urxencia da sesión
- 2 Aprobación inicial, se procede, da MC 30/2022.

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación, que é a que de seguido se indica:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que se ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

- Na sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o día 07/10/2022, incluíuse un asunto por razón de urxencia, a MC 30/2022. Unha vez ratificada a urxencia e a inclusión do asunto na orde do día, pasouse ao debate do mesmo. Pero finalizada a quenda de intervencións, non foi sometido a votación.
- Cómpre acelerar a aprobación desta modificación para poder dar cumprimento aos compromisos de gasto que se financian coa mesma.

Á vista do exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo que adopte o seguinte acordo:

Ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o mércores, día 19 de outubro de 2022, ás 20:30 horas.

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o mércores, día 19 de outubro de 2022, ás 20:30 horas.

2) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 30/2022

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación, que é a que de seguido se indica:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<< Antecedentes Administrativos e fundamentación xurídica:

Primeiro: Existen unha serie de gastos, e cuxa dotación orzamentaria é necesaria:

"Achega do Concello de Lousame protocolo de colaboración-accesibilidade e embelecemento dos recursos de turismo industrial Ría de Muros-Noia, por importe de 4.384,58 euros"

Segundo: A día de hoxe na bolsa de vinculación 3.4 non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

– 337.46200: 4.384,58 €

Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **30/2022**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

– 150.13100: 4.384,58 €

Cuarto: O artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que cando razóns de interese público o aconsellen poderase acordar a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, para o cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

O prazo ordinario da tramitación do procedemento implica un período de información pública de 15 días hábiles. Tendo en conta a data de aprobación inicial da modificación, e a data do envío do anuncio ao BOP, aínda realizando o dito envío de xeito urxente, o anuncio de información pública non saíra publicado antes do 11.10.2022. Os 15 días hábiles finalizarían o día 03.11.2022; polo que o anuncio de aprobación definitiva non podería remitirse ao BOP antes do 04.11.2022. Como o remate do proxecto de gasto debe estar antes de que remate o ano, cómpre acelerar o proces. Por todos estes motivos, cómpre aplicar a tramitación urxente prevista no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario.

Quinto: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **30/2022**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de Gastos:

Aplicación	Crédito	Crédito	Total
------------	---------	---------	-------





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

or za men ta ria	ac tual pa ra es ta fi nal ida de / €	xe ra do / €	dis po ñi ble / €
337.46200	0	4.384,58	4.384,58

Total transferencia positiva: 4.384,58 €

Baixas en aplicacións de Gastos:

Aplicación Orzamentaria	Euros
150	13100
	4.384,58

Total transferencia negativa: 4.384,58 €

Segundo.- Aprobar a tramitación urgente da modificación orzamentaria, na aplicación do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro.- Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 8 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

Cuarto.- Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerárase aprobado definitivamente este acordo>>

A Alcaldía toma a palabra e comeza a súa explicación dicindo que o obxecto da modificación é dotar o crédito para sufragar a achega de Lousame neste proxecto conxunto de varios Concellos, onde o Concello xestor e encargado da contratación e xustificación foi o Concello de Outes. No seu día, no ano 2019 existía crédito, pero finalmente a solicitude da achega fíxose no ano 2022, e agora é preciso xeralo na aplicación que corresponde para transferilo ao Concello de Outes.

Nun primeiro momento ían participar un número de Concellos. Finalmente un deles non puido participar, por cuestións que ela non coñece, pero cre que lle faltaba algún tipo de permiso. A cantidade inicial que ían poñer os Concellos era a mesma. O Concello de Outes foi o encargado da xestión, da contratación e da xustificación do proxecto. Pola información que puido recabar, o que aconteceu no Concello de Lousame foi o seguinte. Na actuación de Lousame existía contemplada unha partida de grava. Pero Patrimonio finalmente non deixou utilizar ese material na zona afectada. A dirección de obra plantexou a substitución desa parte do proxecto por outra, que consistía na limpeza dos muros tradicionais que existen alí. É unha limpeza que se debe facer a man, sen cemento, dado que Patrimonio obriga a facer as reparacións como se facían antigamente. Parece ser que á dirección lle dixerón que esa modificación non tiña ningún problema. Pero finalmente, no momento de xustificar, non aceptaron esa modificación. Non sabe por que. Quizais non estivo ben xustificada tecnicamente. De aí ven a diferenza en relación co Concello de Lousame. Tamén ocorre o mesmo noutros Concellos, pois como pode observarse a cantidade que debe poñer cada un é diferente. Porque en todos eles houbo pequenas diferenzas na execución.

O voceiro do Grupo Mixto comenta que hoxe a Alcaldesa trouxo feitos os deberes. Que no Pleno anterior non os traía feitos. No anterior Pleno preguntou porque tiña información de que se limparan uns muros en vez da grava e por iso o Concello de Lousame tiña que pagar máis. Engade que este se trata dun proxecto da ARD.

A Alcaldesa dille que non. Que está equivocado. Que este non é un proxecto da ARD. É un proxecto dunha subvención no que participa unha agrupación de Concellos, que casualmente son os Concellos que forman a ARD. Pero non é un proxecto da ARD. Ela polo de agora é a Presidenta da ARD e coñece perfectamente cales son os proxectos da ARD e este non o é. Se fora un proxecto da ARD o Concello de Outes non sería o





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

xestor, nin que efectuou a licitación e xustificou o investimento. Neste caso foi Outes, noutra ocasión foron outros Concellos, pero non ten que ver coa ARD.

O voceiro do Grupo Mixto insiste en que el chamou ao Concello de Outes e lle dixeron que era algo relacionada coa ARD.

A Alcaldesa non sabe con quen falou, pero este proxecto non ten nada que ver coa ARD.

A voceira do PsdG-PSOE comenta que hai algo que non lle cadra nas facturas que se inclúen no proxecto subvencionable. Porque aparece unha certificación única a nome dunha empresa e unha certificación final a nome doutra persoa, que é o técnico....

A Alcaldesa responde que ela non sabe. Pode ser algún tipo de erro na elaboración da documentación. Pero que toda esa tramitación se fixo dende o Concello de Outes. Se hai algún tipo de dúbida, hai que pedir información a ese Concello.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:

<<Antecedentes Administrativos e fundamentación xurídica:

Primeiro: Existen unha serie de gastos, e cuxa dotación orzamentaria é necesaria:

"Achega do Concello de Lousame protocolo de colaboración-accesibilidade e embelecemento dos recursos de turismo industrial Ría de Muros-Noia, por importe de 4.384,58 euros"

Segundo: A día de hoxe na bolsa de vinculación 3.4 non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

– 337.46200: 4.384,58 €

Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **30/2022**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

– 150.13100: 4.384,58 €

Cuarto: O artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que cando razóns de interese público o aconsellen poderase acordar a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, para o cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

O prazo ordinario da tramitación do procedemento implica un período de información pública de 15 días hábiles. Tendo en conta a data de aprobación inicial da modificación, e a data do envío do anuncio ao BOP, aínda realizando o dito envío de xeito urxente, o anuncio de información pública non saíría publicado antes do 11.10.2022. Os 15 días hábiles finalizarían o día 03.11.2022; polo que o anuncio de aprobación definitiva non podería remitirse ao BOP antes do 04.11.2022. Como o remate do proxecto de gasto debe estar antes de que remate o ano, cómpre acelerar o proces. Por todos estes motivos, cómpre aplicar a tramitación urxente





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

prevista no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario.

Quinto: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **30/2022**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de Gastos:

Aplicación orzamentaria	Crédito actual para esta finalidade/ €	Crédito xerado / €	Total dispoñible / €
337.46200	0	4.384,58	4.384,58

Total transferencia positiva: 4.384,58 €

Baixas en aplicacións de Gastos:

Aplicación Orzamentaria	Euros
150	13100
	4.384,58

Total transferencia negativa: 4.384,58 €

Segundo.- Aprobar a tramitación urxente da modificación orzamentaria, na aplicación do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro.- Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 8 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

Cuarto.- Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerárase aprobado definitivamente este acordo>>

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte horas e cincuenta e cinco minutos (20:55 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. Alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Mª Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

